

A VERDADE QUE A PATRONAL NON CONTA

■ Ante o **comunicado** emitido polas empresas do sector do **comercio de alimentación da provincia de Ourense**, desde a representación sindical queremos manifestar o seguinte: 👉

O bloqueo da negociación é responsabilidade da patronal:

Levamos meses esixindo un convenio digno, con melloras reais para as persoas traballadoras, mentres a representación empresarial mantén propostas claramente insuficientes, que non compensan a **perda de poder adquisitivo** nin **melloran as condicións laborais** actuais.

Gadis, Froiz e Cuevas lideran a precariedade.

A realidade é que estas empresas, con **beneficios millonarios**, son as que se **opoñen frontalmente** a avances sociais e económicos no convenio.

Non se trata dun ataque ao “pequeno comercio”, como pretenden facer crer, senón dunha **denuncia necesaria ás compañías que máis poder** acumulan no sector.

30.06.2025

A VERDADE QUE A PATRONAL NON CONTA

O intento de desacreditar a acción sindical con insinuacións políticas é inaceptable.

As mobilizacións, as folgas e os actos reivindicativos son **ferramentas lexítimas do movemento sindical**. Están ao **servizo das persoas traballadoras**, e non de ningún interese alleo á defensa dos seus dereitos. A patronal, en lugar de dar explicacións, opta pola **desinformación e a confrontación**.

As súas ofertas salariais son enganosas.

Non chegan ao nivel da suba do custo da vida , non recoñecen perdas pasadas e manteñen horarios e xornadas precarias.

Non aceptamos chantaxes nin manipulacións.

O persoal exerce o seu dereito á folga . O verdadeiro problema é o inmovilismo da patronal, non as mobilizacións.



Seguimos firmes:

- ✓ Por un convenio digno, galego e con melloras reais.
- ✓ Sen tolerar ataques nin intoxicacións.
- ✓ Coa forza da unidade obreira, a loita continúa.

 **A dignidade non se negocia ! !**

30.06.2025